

## RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE URBANISMO, PROTECCIÓN CIDADÁ, SERVIZOS E FESTAS.

### Asunto: NOVAS AUTORIZACIÓNS

Iniciouse o expediente para o outorgamento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina.

Formulouse o prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina.

Emitiuse informe para aprobar o prego e o expediente e aprobouse os pregos e o expediente.

Acordouse establecer como prazo para presentar solicitudes de autorización durante 7 días naturais a partir do día seguinte a publicación dos anuncios no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, abranguendo este prazo entre os días 22 e 28 de xullo de 2015.

Así mesmo, tras o proceso de licitación quedaron unha serie de postos vacantes. Conforme a disposición adicional segunda do prego, cando existan postos vacantes adxudicaranse atendendo ao primeiro que formule oferta, salvo que se presenten no mesmo día, en cuxo caso será o prezo. Pois ben, presentáronse diversas ofertas por postos vacantes que cumpren todos os requisitos para participar neste procedemento e conforme a esta disposición adicional mencionada debe procederse a adxudicar estes postos.

Conforme o artigo 7 do prego de condicións deste procedemento de adxudicación, a resolución de outorgamento das autorizacións deberase publicar no perfil do contratante do Concello. Así mesmo, deberase indicar por cada un dos beneficiarios das autorizacións os seguintes datos: NIF, postos dos que resultan adxudicatarios, canóns a pagar por cada un dos postos, os metros cadrados que poden ocupar e as actividades a que se poden destinar os postos.

A vista do exposto, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar as autorizacións para ocupar os postos que de seguido se relacionan, cuxos metros se especifican de seguido, durante a duración das festas da Virxe Peregrina do ano 2015, a favor das persoas que se mencionarán para os destinos ou actividades que se especifican coa obriga de pagar as taxas ofertadas que se concretan por toda a duración das autorizacións con suxección ao prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festa da Virxe Peregrina e as condicións precisadas na parte dispositiva desta Resolución.

Nº POSTO AUTORIZADO	DESTINO OU ACTIVIDADE DO POSTO	PERSOA AUTORIZADA	NIF	M/2	TAXAS OU CANÓNS OFERTADOS POLA ADXUDICACIÓN OU OUTORGAMENTO DO POSTO
199	POSTO ARTESANIA	CHEIKH FALLOU DIAW	77481649P	4X1,5	50

**SEGUNDO.-** As autorizacións que se outorgan nesta resolución están suxeitas as seguintes condicións:



1. Cada un dos postos que son obxecto destas autorizacións destinaranse exclusivamente as actividades que figuran como actividades posibles para estes postos no anexo I do prego de condicións que rexe estas autorizacións.
2. O réxime económico ao que se suxeitan as autorizacións é ao pagamento das taxas ofertadas polos autorizados, así como os tributos e demais gastos que deberán facerse nos termos fixados no prego de condicións que rexe estas autorizacións.
3. Os autorizados asumirán tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar os bens obxecto de autorizacións segundo a súa natureza e entregar, á extinción das autorizacións, os terreos municipais ocupados en perfecto estado de conservación e uso nos termos fixados no prego de condicións que rexe estas autorizacións.
4. Os autorizados asumirán o compromiso da previa obtención, a súa custa, de cantas licenzas e permisos requiran o uso dos bens e as actividades a realizar sobre os mesmos.
5. Os autorizados aceptan a revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de intereses público nos supostos previstos no artigo 92.4 da Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas
6. As responsabilidades derivadas da ocupación dos terreos municipais serán asumidas integramente polos autorizados.
7. O Concello de Pontevedra poderá, en calquera momento, inspeccionar os terreos municipais obxecto das autorizacións e instalacións para garantir que os mesmos son empregados de acordo cos termos das autorizacións.
8. As autorizacións que se outorguen ao amparo deste prego terán como período de duración desde o día 8 ata o día 17 de agosto de 2015, é dicir durante as festas da Virxe Peregrina.

A montaxes das instalacións e postos deberá realizarse durante os días 5 a 7 de agosto de 2015.

No caso de que os autorizados non monten as instalacións durante os días sinalados no parágrafo anterior, enténdese que renuncian as autorizacións con extinción destas, e polo tanto o Concello poderá adxudicarlles os postos a outras persoas e ademais os autorizados non terán dereito a devolución das taxas, no seu caso, pagadas ás que alude o artigo 3 deste prego de condicións que rexe as autorizacións.

A desmontaxe e recollida de postos non poderá pasar dos dous días seguintes a finalización da duración destas autorizacións, debendo quedar o espazo ocupado en perfecto estado de limpeza, conservación e mantemento. No caso de se retrasar no desaloxo do posto, sen perxuízo das facultades que ostenta ao Concello para o seu desaloxo, esixírase os días que excedan da ocupación conforme a ordenanza fiscal que se menciona no artigo 3 deste prego.

O establecemento dun prazo de duración das autorizacións enténdese, en calquera caso, sen perxuízo da facultade municipal de revogar as autorizacións, de conformidade co previsto no prego que rexe estas autorizacións e na lexislación xeral de aplicación á estas.

9. Non se permite a realización de ningún tipo de cesión ou subrogación das autorizacións.
10. As causas de extinción serán as previstas no artigo 19 do prego de condicións destas autorizacións demaniais.
11. As presentes autorizacións rexeranse polo disposto no prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas da Virxe Peregrina durante o ano 2015 aprobados por resolución da concelleira de urbanismo, protección cidadá, servizos e festas aprobados en data 27 de xullo de 2015, e no non previsto neste prego será de aplicación a Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas; RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais; TRLCSP; RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral en desenvolvemento do anterior; RD 817/2009, de desenvolvemento parcial da LCSP, Lei 7/85 do 2 de abril e R. D. Lex. 781/86, do 18 de abril, , ordenanzas fiscais do Concello de Pontevedra vixentes en cada momento; normativa aplicable á contratación e bens locais e demais normativa que sexa aplicable en cada momento.



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no perfil do contratante do Concello de Pontevedra e notificala ao Servizo de Xestión Tributaria e Outros Ingresos de Derecho público.

Pontevedra, 11 de agosto de 2015  
A concelleira de protección cidadá, servizos  
e festas

María Carme da Silva Méndez



Dou fe, o secretario adxunto Municipal

José Carlos Castiñeira Piñeiro

